

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 14 DE DECEMBRO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.
D^a. TERESA VARELA FISTEUS.
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.
D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.
D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:



D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 51 DE DATA 7 DE DECEMBRO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta núm. 51/2015 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 7 de decembro de 2015, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.

2.1.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para rede subterránea de baixa tensión en Valongo/praiá fluvial, Vilatuxe, Lalín**, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 25/11/15 por importe de de 105,75 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado



Secretaría Xeral

concepto e importe. Así mesmo consta no expediente a constitución de fianza na Tesourería Municipal por importe de 500 euros.

3.- INFORMES URBANÍSTICOS.

3.1.- Acordouse aprobar o informe técnico municipal de data 23/11/15, en relación a abastecemento municipal de auga potable no lugar de Carballeda, parroquia da Veiga-Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 07/12/2015 por importe de 100 euros en concepto de taxa por expedición de certificación urbanística. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

4.1.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 3.350,00 € (máis o IVE correspondente) con destino á contratación dos servizos de enxeñería para a redacción do prego de prescricións técnicas e os aspectos técnicos do prego de cláusulas administrativas particulares para a licitación polo Concello de Lalín da subministración da enerxía eléctrica e contratar con IDOM INGENIERÍA Y CONSULTORÍA, S.A. a realización do citado servizo.

5.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

5.1.- Acordouse aprobar o Acordo de cooperación entre o Concello de Lalín e Televisión de Galicia, S.A, para a realización dos “*XXIIº Premios Nacionais de Periodismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro*” que se celebrarán o venres 29 de xaneiro de 2015, no multiusos Lalín Arena, que consta de seis cláusulas, asumindo as obrigas e os compromisos que nel constan.

6.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

6.1.- Acordouse a devolución e cancelación dos avais presentados pola empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L**, polos importes de **35.000,00 € (2014 13374)**, **35.000,00 € (2014 13375)** e **35.000,00 € (2014 13376)**, depositados como garantía para responder da obra de “Anticipo de abono a conta por acopia de materiais para a obra: Rehabilitación da antiga casa do Concello de Lalín”.



7.- FACTURAS E CONTAS.

7.1.- Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, tendo en conta o informe da Interventora Municipal de data 14 de decembro de 2015, **acordouse** aprobar e declarar de abono as relacións de facturas 173 por importe total de **80.331, 00 euros**, e 171 por importe total de **32.483,42 euros**.

8.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELEIROS DELEGADOS.

8.1.- Acordouse a devolución do importe de 20 € en concepto de dereitos de exame para participar no proceso selectivo de dúas prazas de policía local do Concello de Lalín a, por non ter presentado o interesado solicitude de participación.

8.2.- Acordouse **aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia**, correspondente ao mes de **novembro de 2015**.

8.3.- Acordouse **aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenca**, correspondente ao mes de **novembro de 2015**.

8.4.- Acordouse aprobar as xustificacións presentadas varias asociacións de mulleres conforme á base 11 das bases reguladoras das subvencións para a realización de actividades polas asociacións de mulleres do concello de Lalín durante o ano 2015.

8.5.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade por importe total de 160,77 €.

8.6.- Acordouse aprobar a “*Memoria de Regularización no Acceso a Prado*”, e a posterior remisión ó organismo de Patrimonio Cultural, ó obxecto de obter a autorización previa.

8.7.- Acordouse aprobar a “*Memoria de Acondicionamento de Espazo Libre Público no lugar de Vista Alegre, parroquia de Soutolongo*”, para proceder á contratación das devanditas obras con carácter urgente, por un importe de 10.937,08 €.

8.8.- Acordouse acollerse á Orde do 16 de novembro de 2015 solicitando a



Secretaría Xeral

subvención e o mantemento do contrato da axente de emprego e desenvolvemento local nos termos previstos na orde de convocatoria.

8.9.- Acordouse admitir a documentación presentada pola **Comunidade de Montes Veciñal en man Común da parroquia de Zobra**, en relación coa xustificación do Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e a Comunidade de Montes Veciñais en man común da Parroquia de Zobra para a homologación, sinalización, limpeza e conservación da ruta de sendeirismo “Sendeiro de Zobra”, e aprobar a conta xustificativa de dito convenio polo importe de 3.424,30 €.

8.10.- Acordouse admitir a documentación presentada por un beneficiario das subvencións concedidas ao abeiro das *Bases reguladoras da concesión de subvencións para as festas parroquiais e actividades culturais e educativas para o ano 2015* e aprobar a conta xustificativa.

8.11.- Acordouse admitir a documentación presentada por varios beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro das *Bases reguladoras da concesión de subvencións para actividades deportivas para o ano 2015* e aprobar as contas xustificativas.

9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

9.1.- Acordouse autorizar a consulta do expediente e o proxecto técnico do Edificio Fontiñas II (rúa C, 19-Lalín).


9.2.- Dáse conta do escrito remitido polo **ADIF** no que comunica que o Consello de Administración de Infraestruturas Ferroviais (ADIF) declarou innecesario para a prestación do servizo ferroviario e acordou a desafectación dun inmovible no termo municipal de Lalín.

9.3.- Dáse conta do escrito remitido polo **ADIF** no que comunica que o Consello de Administración de Infraestruturas Ferroviais (ADIF) declarou innecesario para a prestación do servizo ferroviario e acordou a desafectación dunha parcela no termo municipal de Lalín.

9.4.- Acordouse nomear como membros do Concello de Membros da Rede Galega de Dinamización Lingüística como titular ao Alcalde-Presidente D. Rafael Cuiña Aparicio e como suplente á Concelleira do Grupo de Goberno D^a. Lara Rodríguez Peña.

9.5.- Acordouse autorizar a instalación dun posto de venda de artigos navideños de artesanía para a excursión de fin de curso o vindeiro día 19 de decembro de 2015 na Praza





Lalínmcero


Secretaría Xeral
das Pipas.




Concello de Lalín

9.6.- Dáse conta do **Fax remitido pola Subdelegación de Goberno de Pontevedra**, no que axuntan escrito de comunicación de concentración-manifestación a celebrar en EROSKI, na rúa Areal, s.n., Lalín (Centro Comercial Deza) a partir do día 14 de decembro de 2015 ás 11:00 horas con previsión de continuidade ata o día 18 de decembro de 2015, promovida por varios sindicatos agrarios agrupados na “*Plataforma pola defensa do sector lácteo galego*”.

9.7.- Dáse conta do escrito remitido pola **Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL-Servizo de Recaudación**, en relación coa entidade PORTAS Y ACUÑA INMOBILICARIA, S.L, polo que solicita a suspensión do procedemento en tanto non se resolva a solicitude de compensación por parte do Concello de Lalín.





Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

L

K

M

O